



ORDE do 27 de marzo 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das **axudas de carácter directo as familias do alumnado beneficiario de bolsas de comedor** escolar nos centros públicos non universitarios xestionados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, durante a situación de suspensión do servizo de comedor como consecuencia do COVID-19 con levantamento dos prazos de suspensión do procedemento.

Artigo 1. Obxecto

1. A presente orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas as familias do alumnado que ostenta a condición de gratuíto e do que por renda familiar resulta pagador dun euro nos centros educativos públicos non universitarios xestionados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria no segundo ciclo de educación infantil, en educación primaria e no ensino secundario obrigatorio.

2. O outorgamento das axudas a que se refire esta orde realízase de xeito directo, sen concorrencia competitiva, baseándose nas previsións do artigo 8 do Real decreto-lei 7/2020, do 12 de marzo e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

2. Importe das Axudas

Respecto dos seus efectos temporais, esta orde compensará os días lectivos correspondentes aos primeiros 14 días naturais de suspensión acordados polo Consello da Xunta, que para os efectos educativos comezaron o día 16 de marzo e que totalizan 9 días lectivos. Inclúe tamén os 15 días de prórroga autorizados polo Congreso dos Deputados e que rematarían ás 00.00 do día 12 de abril e que se corresponden con 2 días lectivos de marzo e 3 días lectivos do mes de abril ata o comezo das vacacións de Semana Santa.



Eventualmente, para o caso dunha ulterior prórroga do estado de alarma calcúlase os 14 días lectivos ata o 1 de maio de 2020.

En consecuencia, aínda que se realizarán en dous libramentos, compútase un total de 28 días lectivos para os efectos de cuantificar o importe global dos créditos orzamentarios precisos para atender as compensacións.

Artigo 5. Solicitudes. Lugar e prazo de presentación

1. Tendo en conta a condición previa de comensal gratuíto ou semigratuíto dun euro, as solicitudes presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As familias que acrediten dificultades para formalizar a solicitude por medios electrónicos poderán solicitar que o equipo directivo do centro educativo no que se escolarizan as súas fillas/os colaboren na formalización da solicitude. Para estes efectos, os centros con comedor escolar habilitarán un horario específico que anunciarán ás familias.

O noso horario de atención telefónica será de luns a venres de 10:00 a 13:00 horas.

A solicitude, será única por cada familia e incluírá á totalidade das fillas e dos fillos escolares de ensinanzas obrigatorias, que sexan comensais gratuítos e semigratuítos dun euro no comedor escolar xestionado pola consellería nun centro de ensino público e identificará ao solicitante en nome da familia e ao



alumnado comensal e conterà información da conta corrente onde realizar o ingreso da compensación.

Artigo 9. Resolución e formalización das axudas

2. O prazo máximo para resolver será de 10 días dende a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

3. Entendérase como medio de notificación da concesión o aboamento da compensación realizada pola administración educativa na conta corrente do beneficiario.

A Dirección